

Este ano o **Día da Letras Galegas** é dedicado a Xosé M^a Álvarez Blázquez.

BIOGRAFÍA


Infancia

Nace en Tui o 4 de febreiro de 1915, era fillo do médico Dário Álvarez Limeses, natural de Pontevedra e de María Blázquez Ballester natural da illa de Cuba. Foi o terceiro fillo dunha familia numerosa, após os irmáns Darío e Celso e a el seguiron Alfonso, Emilio e Álvaro.

A súa nenez transcorre entre Tui, onde reside a familia, Pontevedra, cidade na que viven os avós paternos e o padriño Xerardo Álvarez Limeses e Baión, na Arousa, onde pasa os veráns.

Aínda que é fillo de médico, vive nun arrabalde de Tui polo que se

relaciona cos fillos dos labregos e obreiros e participa dos seus xogos.



O estudante

Aprende as primeiras letras na cidade natal, mais cursa o bacharelato por libre no Instituto de Segunda Enseñanza de Pontevedra entre 1926 -1930.

En 1931 aproba a reválida universitaria do Bacharelato de Letras e matricúlase na Escola Normal do Maxisterio primario polo que nos anos seguintes reside en Pontevedra co seu tío e padriño, pai de Amalia a que sería muller de Alexandre Bóveda, até rematar en 1934.

As prácticas de maxisterio fainas na Escola Graduada de Tui no curso 34-35.

Primeiros pasos literarios

Desde a infancia goza dun ambiente cultural favorábel por parte da súa familia, e máis cando a súa curmá Amalia casa con Alexandre Bóveda.

A poesía sedúceo de maneira especial polo que con 15 anos, en 1930, dá a coñecer, os seus primeiros versos en xornais tudenses e pontevedreses e dous anos máis tarde na revista *Cristal.*, publicada en Pontevedra e da que é cofundador. Aquí aparece o seu primeiro poema en galego “*O Merlo poeta*”.

Nesta época pontevedresa será tamén cando publique o primeiro artigo denunciando o feito de que nunha escolma poética destinada ás escolas, a única relación con Galiza que aparece sexa un poema castelán de Rosalía. Este artigo será publicado en *A Nosa Terra* o 26 -5-1934.

Publícase asimesmo un afervoado discurso que pronunciou no local das Mocidades Galeguistas co motivo da celebración do 88 aniversario dos fusilamentos de Carral.

En 1936 publica na revista NÓS “*Os ruíns*”, cinco relatos curtos en galego.

O político

Aconsellado por Alexandre Bóveda en 1933 ingresa nas Mocidades Galeguistas e en 1936 no Partido Galeguista até que este é proscrito pola ditadura.

Cando volta a democracia e se constitúe de novo o Partido Galeguista en 1978 é nomeado Conselleiro Político, un ano antes do seu pasamento disólvese o Partido e ingresa en Coalición Galega.



Consecuencias da guerra civil

Para a familia Álvarez Blázquez foi nefasto o levantamento do 18 de xullo de 1936. Foron fusilados o seu curmán político Alexandre Bóveda e o seu pai Darío, o seu tío Xosé morreu de tristura despois de estar catro días metido na cama sen parar de chorar; o seu padriño faleceu en 1940 ao non se recuperar da dor sufrida polos acontecementos e finalmente o seu curmán Xerardo Álvarez Gallego exiliouse en América para poder salvar a vida.

Xosé María, o noso protagonista, foi suspendido de emprego e soldo por galeguista-“separatista”, segundo consta no expediente argallado contra el e expulsado da escola de Coia na que impartía aulas. Foi desterrado á poboación zamorana de Coreses que deseguida abandona por ter que cumprir o servizo militar. En 1938 reincorpórase á mesma escola onde está até o 42, ano no que pide a excedencia e deixa o ensino.

Aínda continuaron as desgrazas, no 40 fina o seu irmán Celso de tuberculose, provocada pola fame, e multan a familia ao ser acusada de falar mal do *réxime*.

Os estudos universitarios de filosofía e letras vense truncados pola situación.

Traslado a Vigo

En 1941 a familia trasládase a Vigo e el tamén o fai á súa volta de Zamora. Nesta cidade acada o emprego de secretario da Confraría de Pescadores, Continúa coa obra literaria chegando á final do primeiro *premio Nadal* en 1945 coa novela “*En el pueblo hai caras nuevas*”.

O 10 de decembro do 46 casa con M^a Luísa Cáccamo Frieben. O matrimonio terá 6 fillos: M^a Luísa, Xosé María, Alfonso, M^a Helena, Celso e Berta.

Ademais da narrativa e da poesía escribe teatro en colaboración co seu irmán Emilio. Así no 47 estrean no *Teatro García Barbón* “*El zapatero de cristal*”. Escribiu tamén “*Los pazos altivos*” obra estreada en Xixón e “*Por Castilla y por León*”, un poema dramático en tres actos.

En 1950 funda a *Editorial Monterrey*, destinada a publicación de obras actuais e nela aparecerá o seu primeiro libro de poemas “*Roseira do teu mencer*”. No ano 51 publica a “*Escolma de Poesía Medieval I. Escola Medieval Galego-Portuguesa (1198-1346)*” importantísima obra de difusión da nosa lírica trobadoresca..

En 1953 publica o “*Cancioneiro de Monfero*”, poemario propio de gusto e imitación trobadoresca.

No 59 dá á luz a “*Escolma de Poesía Medieval II.A poesía dos séculos XIV a XIX*” obra que era practicamente descoñecida polos galegos.

Por estes anos colabora en prensa e na radio.

No ano 67 funda “Edicións Castrelos” editora na que se publican dúas coleccións: “*O moucho*” e “*Pombal*”, na primeira aparecen libros a prezo asequíbel e predominan os textos populares polo que ten un grande éxito.

No 68 publica varias compilacións de literatura de tradición oral :”*Refraneiro do Viño*”, “*O libro do Marisco*” e “*Cantigas do Viño*”. O ano seguinte dá ao prelo “*O libro da caza*” e fai unha viaxe por Arxentina, Venezuela e Florida impartindo varias conferencias e aproveitando para visitar os amigos e familiares incluído seu tío Xerardo que nunca volvera a Galiza.

Desde o ano 68 é profesor de Formación Humanística no Instituto Marítimo Pesquero de Vigo.

Nos anos 70 volta á narrativa en galego coa obra “*A pega rabilonga e outras historias de tesouros*”. Como erudito, de fondos coñecementos, publica “*Os tesouros de Galicia, ou seña, historia verdadeira acontecida no reino de Galicia*”. Difunde grande parte da obra de Castelao polo que moitos galegos souberon que este non fora só un político “separatista”.

No 76 publica “*Canle segredo*” libro de poemas feito por el nos anos 50. Ese mesmo ano é nomeado cromista oficial da cidade de Vigo e directivo do Padroado do Museo do Pobo Galego.

No ano 79 deixa a editorial que fundara que é comprada por Galaxia.

En 1980 coordina con Alvaro Cunqueiro a obra “*Vigo en su historia*” onde publica varios capítulos monográficos.

No 82 publica “*Luís Amado Carballo, vida e obra. Escolma de textos*” co gallo de se lle dedicar o Día das Letras Galegas a este poeta.

No 83 xubiláse como profesor de Instituto e falece en 1985.

Foi un intelectual convencido de que el só era un paso na escada da nosa cultura, tendo sempre A Terra, a Galiza como o centro do seu horizonte



O POETA.

1949, Poemas de ti e de min

Presenta temas característicos da poesía popular e influencias da escola imaxinista.

TI


Chamas ao vento
na labarada dos teus cabelos.

Auga apreixada
na mol lentura da túa ollada.

Rubias de aurora
no sangue quente da túa boca.

Pombas no niño
no recuncho do teu corpiño.

Rulas leviáns
no vó lizgairo das túas mans.



- 1- Sinala todos os elementos da natureza presentes no texto.
- 2- As imaxes: comenta o seu significado.
- 3- A quen vai dirixido o poema?

1950, Roseira do teu mencer

Dedicado á súa filla pequena, María Luísa, de alcume “Colorín”. Nesta obra imita a lingua medieval.

Era un airiño soave
que se ergueu pola mañán
e viña de non se sabe.

Era un recendo de rosas
Da roseira de ningures,
Que se meteu pola porta.

Era unha cantiga leda
que nascía non sei onde
e petaba na fiestra,

Era unha gracia sutil
que baixaba das estrelas ...
Eras ti!

Ao ver que non tiñas nome
maxinamos que serías
ventureiriña do monte.

Froleciña ventureira
Que –ao millor nasceu co orballo
Nunha luzada de estrelas.

Como andabamos a rir
-ventureiriña do monte
Chamámoste colorín.



1- Repara nas catro primeiras estrofas. Comenta a gradación de elementos que se produce e como remata.

2- Cal é a orixe do alcume da súa filla, “Colorín”?

1953, Cancioneiro de Monfero

Preséntao como un cancionero medieval auténtico, cando en realidade é da súa autoría. Trátase dunha imitación da escola neotrobadoresca.

ANÓNIMO

Se me quisedes dicer
ua ren, mía señor,
terriávollo por ben:
que cousa seja peor,
de homem con coyta morrer
ou de viver con tristén?

1- Sinala todas as palabras transcricas ao estilo da lingua medieval galego-portuguesa.

2- Comenta a semellanza de estilo e contido coas cantigas medievais.

1954, Romance do pescador Peleriño

Breve composición publicada nun folleto de catro páxinas. Dedicado á peregrinación nacional de pescadores a Santiago de Compostela, o 7 de maio do Ano Santo de 1954.

1976, Canle segredo (escrito entre 1951-1953)

O propio autor comenta o significado deste poemario no “Limiar” do mesmo: “ Xa vou pra vello, e penso, sin demasiada tristura, que eiquí van quedar a maioría dos meus soños, algúns plasmados xa en mestos portafolios, outros en apenas uns apuntes que o tempo vai marelecendo. Había tanto que facer! “.


AQUIL NENO QUE EU FUN

Non me doi iste anxeio, ista procura
de bens, que con soñalos
abonda. Non me fire
a anguria do vivir que non se atopa,
nin o noxo da xente que me luxa
co soio seu ollar de can doente.
Non me inquedan as dores,
nin as tebras da noite, que resoa
con chamadas do Alén que eu soio

escoito.

Nada xa me conmove.

O que me fire e doi, o que me inqueda,
é aqé aquil neno que eu fun, sempre perdido.



- 1- Quen fala no texto?
- 2- Cales son os seus sentimentos?
- 3- Interpreta o significado do título do poema.

Poemas inéditos e dispersos.

- 1- **Epigramas de Pepe do Rollo** (pseudónimo poético do autor). Poemas burlescos escritos a partir de finais dos anos 60. Algúns destes textos foron incorporados a Sal e pementa , Editorial Castrelos, colección O Moucho, Vigo, 1968.

Xosé María Álvarez Blázquez explica a función de Pepe do Rollo na súa obra : “ Porque, iso si, el non escribe pra os demais senón pra si mesmo, pra ceibar de algún xeito o cabreo e a desilusión”.

MAL ESTRANO

A filla de Xan Carou
tiña un bulto moi estrano
e a súa nai a levou
que a mirase o ciruxano.

- Mire ista nena, doutor,
o que lle naceu acá.
- Non lle naceu, non señor,
que aínda lle nacerá!

2- Poema póstumo: “Solpor”. Escrito no ano 1982 e publicado en Faro de Vigo en 1985.

SOLPOR

Xa non é tempo de falar das rosas,
soños, amores, vida que pasou.
Agora chegan voces vagarosas
e eu, nun besbello, lles respondo: Vou...

Nin verso airado nin aceda queixa.
De que nos han valere, miña amiga!
Imos desengrellando esta madeixa,
Con lástima de nós e con fadiga.

Os fillos ... Xa alá agardan a nosa prenda
- luz dos días abertos e louridos-
Os fillos! Santo e seña da contenda,
eles diante e nós atrás, feridos.

Pousaremos os pés na branca area
Mentres o día no solpor devala.
Nin ti ouces xa o balbordo da marea
nin teño eu ansias de prender a fala.

Silandeiros os dous, de mans collidas,
imos devagariño pola praia,
de par a par os pasos, como as vidas ...
A luz do sol, sobre do mar, esmaia.


O HISTORIADOR

Xosé María Álvarez Blázquez tivo tamén outra faceta importante: a de historiador. Neste aspecto, centrou o seu labor na investigación da historia da cidade de Vigo e os seus arredores (Redondela, Baiona, Cangas...). Toda esta tarefa investigadora aparece reflectida na obra *Vigo en su historia*, realizada en colaboración con outros escritores e cronistas. Neste libro o noso autor encargouse concretamente dos períodos correspondentes á Idade Media e ao século XIX, e nel Redondela aparece mencionada constantemente.

Proba ti agora a investigar sobre dalgúns aspectos da historia de Redondela. Por exemplo:


1. A Batalla de Rande:

- a) Cando acontece?
- b) Quen loitou nela?
- c) Saberías dicir onde estaba situado o castelo de Rande?



- d) Sabes dalgún escritor famoso que fale de Redondela nalgunha das súas obras? En cal?
- e) Coñeces algún resto que se conserve desa batalla? Onde está situado?
- f) Como afectou a batalla de Rande a Redondela?

2. Redondela como vila mariñeira:



- a) Cal é a importancia de Redondela como porto pesqueiro a finais do século XVII e principios do século XVIII?
- b) Que restos quedan na vila dese pasado mariñeir
- c) Cal era a zona centro de Redondela naquel entón?
- d) Ata onde chegaba o mar en tempos pasados?

- e) Onde estaba situada antigamente a praza do peixe?

- f) Que nomes de rúas e lugares coñeces en Redondela que fagan referencia á actividade mariñeira da vila? Tenta xustificar o seu nome.

- g) Que peixes son os máis abundantes e típicos desta zona?

- h) Averigua que industrias relacionadas coa actividade pesqueira ou marítima houbo ou hai actualmente en Redondela?

3. A Illa de San Simón:



- a) Cal é o nome da outra illa á que está unida?

- b) Que usos se lle deu á illa ao longo da historia?

- c) Que xograr famoso ambientou unha cantiga nesta illa?

- d) Que outros dous xograres forman parte, xunto co anterior, do grupo que Álvarez Blázquez denomina “trovadores da ría de Vigo”?



O XORNALISTA

Amais de escritor e historiador, Álvarez Blázquez traballou como xornalista para periódicos como *Faro de Vigo* e foi cronista desta cidade.

Tenta contestar agora a estas cuestións:

- a) Que significa ser cronista?

- b) Busca información sobre outros xornais nos que colaborase Álvarez Blázquez.

- c) Coñeces algún cronista da vila de Redondela?

- d) Velaquí un par de xornais redondeláns. Que outros periódicos, revistas ou boletíns locais houbo ou hai na nosa vila?



- e) Busca nos periódicos que manexes habitualmente escritores que colaboren neles. Cita algunha obra literaria dos mesmos.

- f) Busca información sobre *Faro de Vigo*

- En que ano se fundou
- Quen foi o seu primeiro director?

FARO DE VIGO.

PERIODICO MERCANTIL, AGRICOLA E INDUSTRIAL.

Este periódico se publica los jueves y domingos de cada semana.—Precio de suscripción 6 rs. al mes en esta ciudad, y fuera 20 rs. por trimestre franco de porte: Ultramar 12 rs. al mes, tambien franco.—No se recibe ninguna correspondencia que no venga franca.

Vigo 3 de Noviembre de 1853.

Al presentarnos en el estadio de la imprenta, no son otras nuestras aspiraciones que las de conyugar, en cuanto lo permitan nuestras débiles fuerzas, al fomento de los intereses de Galicia, que deplorables circunstancias por una parte, y preocupaciones funestas por otra, contribuyeron á que esta vasta provincia continúe sin participar de los beneficios que otras disfrutan ya. Muévosen tambien el deseo de sofocar esas rivalidades que no han desaparecido del todo entre provincias hermanas, y el de contribuir al mismo tiempo á que las Castillas, uniéndose mas estrechamente á este antiguo reino, puedan dar á su agricultura é industria mayor impulso, como Galicia mas vida á sus intereses mercantiles y marítimos con el auxilio del interior de la Península.

Si los enlaces de familia, el sentimiento religioso, el elemento monárquico y el principio de unidad administrativa, pudieron reunir bajo un mismo cetro diversos países, conocidos antes con los nombres de condados, señorios, principados y reinos para constituir una gran unidad política, no han sido capaces, por ahora, de borrar completamente las diferencias que en aquel entonces habia. Mucho, es cierto, se hizo desde el reinado de D. Alonso el Sábio para uniformar social y económicamente la nacion; pero no poco tiene que hacer la administracion y no menos la prensa, para que haya un todo armónico, sea una misma la legislación civil y económica, y desaparezan esas diversidades de dialectos, de pesos, medidas y monedas, y con todo ello, falsas creencias y vulgares errores, sancio-

nados por nuestro silencio y las aseveraciones de algun escritor.

Ninguna provincia como la de Galicia es victima de esas prevenciones desfavorables, de esos equivocados juicios; y por eso comun es el error en creer á este territorio, conquistado desde el siglo VI á los suevos por Leovigildo y erijido en reino por Fernando I en el siglo XI, como un pais triste, pobre y estéril, y á sus naturales como la gente de mas corto entendimiento. Las consecuencias que se siguieron de este fatal error natió los desconoce, para estendernos á manifestarlas; basta decir, que esta gran porcion de la corona de Castilla no mereció por anteriores administraciones la atencion de que es muy digna, considerándola siempre como la Irlanda española. Contra ese reprensible abandono, contra esos calumniosos epitetos protestaron mas de una vez los hijos del pais; y nosotros que nos gloriamos de haber nacido en él, cumple á nuestra conciencia y á nuestro amor propio ofendido, demostrar que se equivocan grandemente los que toman la laboriosidad gallega por esclavitud, la economia por mezquindad y la prudencia por estupidez. Sin embargo, gracias á la ilustracion de la época no necesitamos esforzar los argumentos, ni aducir demasiadas pruebas en defensa del pais, porque otra es la opinion que se vá formando ya del carácter de sus habitantes, de sus disposiciones naturales y de la fertilidad del suelo.

Los que se dejan llevar de vulgaridades y se detienen poco á examinar un hecho para averiguar la causa que lo produce, los que miran con desden á los que se emplean en trabajos útiles y emigran de su pais, por un corto

plazo, para suplir muchas veces la falta de brazos que hay en otros puntos, los que, finalmente, juzgan que un territorio que produce lo bastante para sostener su poblacion, no la permite que emigre á otros en demanda de trabajo son victimas, los unos de su ligereza, y los otros de un falso principio. La emigracion gallega á varias de nuestras provincias y al Portugal, no es hija de la esterilidad del suelo como generalmente se presume, sinó mas bien de los hábitos de laboriosidad y economia que tanto distinguen al labrador gallego.

Nadie ignora que cuenta Galicia con multitud de rias y rios abundantes en esquisitos pescados, que tiene profundos valles, dilatadas vegas, frondosas selvas y dehesas, y estensos prados para sostener una poblacion mas numerosa; pero todos se olvidan ó desconocen que nuestros paisanos no se contentan con los ricos frutos que el suelo produce, que no pueden vivir en la ociosidad, ni tranquilamente descansar de sus faenas consumiendo los productos de la tierra, regada y fertilizada con el sudor de su frente. Si estas circunstancias se tuviesen presentes cuando el agricultor gallego deja su hogar para trabajar en algunas de nuestras provincias, seguros estamos que otro seria el juicio formado del pais. Tan arraigadas están en él la sobriedad, el apego al trabajo y la prudente economia, que sus habitantes van en busca de ocupacion en donde quiera que la encuentran, sin por eso abandonar el cuidado de sus terrenos.

Es costumbre inveterada en nuestra gente del campo, concluidas que son las principales labores que exige la tierra, abandonar su familia, á la que

- Cales eran os temas nos que o xornal se centrou nos seus primeiros anos de publicación?
- Con que periódico coruñés mantivo unha forte polémica nos seus inicios? Por que?
- Que colaboradores importantes tivo este xornal ao longo da súa historia?
- Coñeces algún redondelán que colaborase con *Faro de Vigo*?

